

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 77 - 2024

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

1º de Maio: Traballo digno, paz e soberanía para os pobos

Milleiros de persoas mobilizáronse este Primeiro de Maio, Día Internacional da Clase Traballadora, nas 16 convocatorias realizadas pola CIG baixo o lema 'Traballo digno. Pola paz e a soberanía dos pobos. Contra o imperialismo. Palestina vencerá'.

Unha xornada de loita na que a CIG reivindicou un marco galego de relacións laborais, unha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos e regulacións, un Plan galego de recuperación económica, industrialización e creación de emprego digno, e o reforzo dos servizos públicos en Galiza.

Neste día do internacionalismo proletario, o secretario xeral, Paulo Carril, que participou na manifestación da Coruña, rexeitou o belicismo e a apoloxía da guerra da UE "en entusiasta obediencia aos EUA e ás misións da OTAN", o incremento do gasto militar e o cruel apoio de 'Occidente' a Israel no xenocidio do pobo palestino.

Un intento de manter "a sangue e fogo" un imperialismo que se nega a recoñecer unhas relacións internacionais "sen subordinacións, sen explotación nin dependencias, e con respecto ao dereito de autodeterminación dos pobos e nacións, como Galiza".

Medra a precariedade

A baixa capacidade adquisitiva dos salarios e das pensións, o aumento da precariedade pola xeneralización da contratación a tempo parcial e a medra da poboación en risco de pobreza e exclusión social teñen a súa causa na reforma



laboral aprobada hai dous anos, que "nin xerou dereitos, nin derogou a regresiva reforma de 2012 do PP" e cuxos efectos se agravan ante a actual carestía da vida.

Por iso, neste 1º de Maio reclamamos traballo digno para combater a pobreza laboral, porque mentres caen os salarios, as ganancias do capital incrementanse e a riqueza concéntrase cada vez en menos mans.

Carril denunciou que "en sintonía co diálogo social" se están cambiando "dereitos por programas de beneficencia" e advertiu do intento de impoñer novos recortes "no público para negocio no privado para satisfacer as demandas da UE a cambio duns fondos envelenados", acelerando así o aumento das desigualdades e da pobreza en Galiza, con importantes sectores produtivos esmorecendo "e que son o complemento perfecto para favorecer as nefastas políticas que fai o PP" na Xunta.

Alertou que o novo Goberno de Rueda "vive metido de cheo nunha acción de desmantelamento masivo do país, de reforzo da dependencia

económica e política e de privatización dos servizos públicos, afianzando un novo proceso de colonización dos nosos recursos e negando un desenvolvemento galego propio". Neste sentido rexeitou a celulosa de Altri en Palas de Rei e denunciou a falta de planificación na implantación da enerxía eólica.

Cómpre a mobilización nas rúas e nos centros de traballo para confrontar o roubo e o saqueo á maioría social. "Necesitamos que a solidariedade e a unidade da clase traballadora e do pobo galego siga demostrando que ten unha enorme capacidade de acción", salientou.

Esta capacidade da CIG ser a 1ª forza sindical e de entender o conflito e a mobilización como o único camiño para a conquista de dereitos posibilitou que en 2023 Galiza fose o territorio do Estado co maior incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados, acadando o 4,63%, mentres que no Estado a media foi do 3,46% (por debaixo incluso do que UGT e CCOO pactaron coa patronal no V AENC).



Polo dereito a unha xubilación digna

A CIG chama a clase traballadora a mobilizarse polo dereito a unha xubilación digna cando se está a negociar de xeito "escurantista e ilegal" unha nova reforma que ameaza con introducir novos recortes. Fronte a isto, e para reclamarlle ao Goberno español que introduza unha serie de melloras, hai convocadas protestas diante da Delegación na Coruña e das Subdelegacións en Pontevedra, Lugo e Ourense o xoves 9 de maio ás 11:00 horas.

Nos últimos meses os medios de comunicación veñen publicando informacións sobre reunións entre o Ministerio de Seguridade Social, a patronal, CCOO e UGT para facer cambios en materia de pensións sobre xubilación parcial e coeficientes reductores para anticipar a idade de xubilación. Unhas negociacións que se están a dar de forma escurantista e ilegal no chamado diálogo social, fóra dos organismos oficiais de representación institucional tripartita, sen respectar os dereitos de representación que temos centrais sindicais máis representativas e maioritarias, como a CIG.

Estamos ante unha nova reforma das pensións, cando apenas transcorreron 14 meses desde a última, na que se aumentou aos 29 anos os anos para o cálculo da pensión. Reforma que se veu sumar á feita no 2011, acelerando a caída progresiva da contía das pensións nos últimos anos, e que

vai camiño xa do 25% de perda na contía da pensión a cobrar, por causa da ampliación da idade de xubilación dos 65 aos 67 anos e do aumento do período de cálculo do 15 aos 25 anos. Caída das pensións xeneralizada que, no caso das mulleres, afonda máis na fenda de xénero.

Por riba, as sucesivas reformas laborais, que estenden cada vez máis a precariedade, e os permanentes cambios nas normas que penalizan a xubilación anticipada, agravan as discriminacións para acceder á xubilación parcial, xa que só determinados colectivos de persoas traballadoras poden xubilarse aos 61 anos.

Coeficientes reductores

Ademais, sufrimos permanentes atrancos para o recoñecemento de coeficientes reductores da idade de xubilación nas profesións de maior penosidade, perigosidade e insalubridade. Estamos a falar de moitos sectores de actividade e postos de traballo como son os do mar, servizo de gardacostas, transporte, construción, pedra, construción de túneles, canteiras e talleres de transformación, coidados, dependencia, sector sanitario, socio-sanitarios, ambulancias, bombeiros e axentes forestais, limpeza hospitalaria e industrial, seguridade privada, plantas de tratamento de lixo, sector naval, eólico, traballo en cadea, etc.

Desde a CIG exiximos "luz e taquígrafos" e demandamos transparencia nas negociacións; non podemos permitir que, unha vez máis, aproben "pola porta de atrás" unha nova reforma que, chea de propaganda, envolverá recortes de dereitos e non dará solución ás reivindicacións que desde hai anos vimos reclamando en moitos destes sectores de actividade e postos de traballo que nos condenan a prolongar a vida laboral en actividades penosas e de grande esforzo físico e psíquico.

Temos claro que non se pode seguir na inxustiza de prolongar a vida laboral, impedindo chegar á xubilación en condicións de poder gozala, como tampouco se pode seguir negando a entrada da xente nova ao mundo do traballo, cronificando a emigración e o paro xuvenil entre as persoas menores de 25 anos.

O Goberno español ten que restablecer o dereito a xubilación parcial aos 61 anos para todas as persoas traballadoras e sectores, non só para os da industria manufactureira; a xubilación aos 65 anos, e voluntaria a partir de ter 35 anos cotizados, reais ou por aplicación dos coeficientes reductores en determinadas profesións; e recoñecer e mellorar os procedementos para acceder aos coeficientes reductores para anticipar a xubilación sen recortes e con todos os dereitos.



Campaña do colectivo de pensionistas en defensa da sanidade pública

O colectivo de xubilados/as e pensionistas da CIG vén de lanzar unha campaña en defensa da sanidade pública e en denuncia do “difícil camiño das persoas maiores para seren atendidas”. Ademais de repartos informativos por toda Galiza, ten previstas concentracións, o 29 de maio, en centros de saúde en cada comarca; o 12 de xuño, no hospital principal de cada comarca; e o 20 de xuño, unha concentración nacional no SERGAS.

Denuncian o desmantelamento e privatización do PP da sanidade pública galega, que fai que para unha persoa maior sexa cada vez

máis difícil ter unha atención digna e áxil dos seus problemas de saúde.

Sinalan os atrancos que atopan para obter cita mediante unha chamada atendida por recoñecemento de voz, a través da app ou da páxina web do SERGAS; as listas de agarda para primeira consulta, de até 15 días, en Atención Primaria, que para unha consulta cunha especialidade médica o SERGAS non dea cita, agochando os datos reais de listas de agarda ou que se penalice as persoas que rexeitan ir á privada meténdoas nunha lista ‘b’, o que provoca indefensión, empeoramento e mesmo “acurta a esperanza de vida”.



Por iso, exigen a reversión das privatizacións, o reforzamento dos orzamentos destinados á sanidade pública, a mellora da carteira de servizos e o incremento do persoal necesario para unha atención sanitaria de calidade en Galiza.

Altri ameaza a viabilidade económica, social e ambiental do río Ulla e de Galiza

A CIG rexeita o modelo de industria de enclave que representa o proxecto de Altri –depredador dos nosos recursos naturais, con grave impacto ambiental, social e económico– e que o goberno de Rueda o declare de utilidade pública e proxecto industrial estratéxico. Por iso presentou alegacións, sumouse ás das plataformas por unha Ulloa Viva e en Defensa da Ría de Arousa e chama a participar na mobilización prevista para o vindeiro día 26 en Palas.

Altri pretende instalar na comarca da Ulloa, a dous quilómetros do Camiño de Santiago, dúas factorías: unha de celulosa solúbel e outra de fibra téxtil. Requirirá grandes cantidades de auga, enerxía e eucaliptos.

Afectará gravemente o patrimonio cultural e natural da comarca e as limítrofes: Terra de Melide, Arzúa, Santiso, Agolada e o Deza; a atmosfera e as augas, comprometendo aínda máis a

viabilidade ecolóxica do río Ulla, e a ría de Arousa, a máis rica do país.

Para a CIG é inaceptábel o financiamento público, moito máis con fondos europeos, polo que implica de endebedamento público. Reclama que se teñan en conta varios apartados –propostos pola central sindical– do recente informe do CES de Galiza, incluídos no trámite do

Anteproxecto de Lei de Promoción dos Beneficios Sociais e Económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza.

Apartados nos que se recolle que os proxectos industriais teñen que pechar os ciclos produtivos en Galiza; respectar o ambiente e a idiosincrasia dos lugares onde se asenten; garantir o saldo de emprego neto e retorno económico e social e protexer as terras e lugares dedicados ao abastecemento de alimentos, para priorizar a soberanía alimentaria sobre intereses industriais.

A CIG cuestiona o número de postos de traballo previstos inicialmente, que a propia Altri reduciu a 500, porque a fábrica que ten en Portugal, cunha produción de 1,5 millóns de toneladas de pasta –máis que a prevista en Galiza–, só dá emprego a 774 persoas. Denuncia que non se contempla ningún plan de industrialización ligado ao sector do papel, cartón e téxtil, que promova o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía.

A CIG chama a participar na mobilización prevista para o vindeiro domingo 26 de maio en Palas de Rei ás 12:00 horas.

Galego vivo, Galiza viva

17 de maio, Día das Letras Galegas

A CIG chama a participar na manifestación convocada pola plataforma cidadá Queremos Galego, da que fai parte, o vindeiro 17 de maio, ás 12:00 horas, en Compostela, baixo o lema 'Un idioma galego vivo é a mellor garantía dunha Galiza viva'.

En setembro de 2024 faranse 20 anos da aprobación por unanimidade parlamentaria do Plan Xeral de Normalización da lingua galega. Elaborado coa participación de máis de 1000 persoas de todos os ámbitos, con 400 accións e medidas concretas en cada un deles, non só non se desenvolveu senón que se produciron importantes retrocesos.

Para unha Galiza viva, activa e consciente das súas capacidades, precisamos dun goberno realmente comprometido coa súa obriga de promover o uso, presenza e disposición do idioma, cun galego vivo.

Vivo nun ensino en galego, que garanta a competencia no noso idioma permitindo a incorporación de novos falantes e o coñecemento da nosa realidade fronte ao actual modelo desgaleguizador.

Vivo nun audiovisual que, como reclama a Iniciativa Xabarín, garanta a oferta en versión orixinal ou lexendada e cumprimento dos mínimos que establece a lei para menores de 12 anos.

Vivo na administración, nos servizos públicos, na sanidade, na



MANIFÉSTATE POLA LINGUA!

Sexta feira (venres), 17 de maio de 2024, ás 12,00h
Alameda de Santiago de Compostela

Haberá autobuses, infórmate en queremos.galego.gal



xustiza, nas relacións e información comercial, onde a atención inicial en galego -oferta positiva- que indicaba o PXNLG debe ser garantida incluíndo a disposición da lingua nas xestións telefónicas, telemáticas ou presenciais.

Vivo na pegada da lingua sobre o territorio en todos os seus espazos

e lugares, a que de novo pretenden borrar e perseguir coa permisividade dos gobernos central e autonómico.

É hora de os gobernos asumiren a súa responsabilidade legal e moral co idioma, a comezar pola Xunta de Galiza, e acompañar a sociedade que actúa e se mobiliza día a día para termos o galego vivo, Galiza viva.